




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipio: Xove. Parroquia: San Pedro de Xuances.
Extensión: 1,16 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Entrante costeiro con dous lóbulos, delimitado por suaves elevacións que forman un val aberto pouco profundo. Fronte de acantilados verticais dinámicos e de potencia variable, xerándose ao pé notables acumulacións mixtas de coios, bloques e area.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence ao Dominio herciniano, representado por granitos de dúas micas, especie máis abundante, por unha estreita banda costeira con granodioritas e tonalitas orientadas, e por unha banda asociada á anterior con hornblenditas. Pero ademais aparece un enclave con pegmatita en Ceranzos. Unha fractura explica a dirección do curso fluvial no centro da unidade e do retroceso diferencial da enseada.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira de ambiente climático Cálido e Seco definido por temperaturas medias anuais superiores a 14° C e precipitacións acumuladas dun mínimo de 800 mm e máximo de 1000 mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual non chega a 14° C.

OS SOLOS

Solos en xeral pouco evolucionados. Dominan os regosoles ao redor dos montes da Canteira e Picañeira, e na parte central da cunca o tipo umbrisol dístrico, que poden chegar a evolucionar en condicións favorables cara a cambisoles.

AS AUGAS

Unidade formada pola pequena cunca do Rego da Lama da Ovella, enmarcada polos montes da Canteira e Picañeira. A rede fluvial desauga na enseada de Muiñelo, sobre a masa de Augas Costeiras 20104.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Acantilados con importantes coídos protexidos polo LIC Costa da Mariña Occidental. Os hábitats que cómpre destacar son o 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas e o 1210, Vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade defínese pola hexemonía do uso forestal procedente de plantacións forestais que ocupan a práctica totalidade do solo da unidade. Na franxa máis próxima ao mar establécense dous sectores: un dende a Punta Muiñelo cara ao norte, ocupado por vexetación propia de ambientes costeiros; e outro, dende a mencionada punta ata o sur da unidade en Punta Canido, onde se localizan algunhas parcelas de cultivo con sebe viva aproveitando unha menor inclinación da pendente. Isto facilitou tamén a implantación dun uso residencial de baixa densidade nese sector.

MORFOLOXÍA

As edificacións do núcleo do Castro e Ceranzos, ao sur da unidade, son maioritariamente de nova creación, cunha evidente vocación residencial e cunha tipoloxía que responde ao modelo de vivenda unifamiliar illada. Non obstante, tamén existe un pequeno grupo de edificacións vinculadas ao uso agrario, que tradicionalmente explotaron parte do parcelario dedicado ao cultivo. A estrutura deste pequeno asentamento de baixa densidade é de carácter lineal, apoiándose na estrada LU-2610 e a escasos 100 metros da liña de acantilado.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A trama viaria está constituída por pistas de carácter forestal, tres en concreto, que parten do vértice oriental da unidade para avanzar en dirección á costa, acadando a Punta de Meitón ao norte, a de Muiñelo no centro, e as Puntas da Torre e Canido ao sur. Por outro lado, das proximidades da Punta Campanario, introdúcese ao sudoeste unha pequena vía cara ao norte que permite o acceso á praia de coios de Muiñelo. A estrada LU-2610 introdúcese minimamente na unidade para dotar dunha estrutura lineal as edificacións sinaladas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na zona comprendida entre a Punta da Torre e Punta Canido, ao sudoeste da unidade, localizouse e catalogouse o depósito arqueolóxico do castro de Ceranzos. En relación con este castro existe unha lenda popular que di que alí viviron uns mouros que, cando foron expulsados, deixaron enterrado un peleso de boi repleto de ouro coa esperanza de recuperalo ao seu regreso.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

El rasgo característico de la unidad es sin lugar a dudas, el O trazo característico da unidade é, sen lugar a dúbidas, o dominio absoluto da cuberta vexetal, protagonizado pola presenza das masas forestais asentadas sobre un relevo deprimido, en contraposición co sector contiguo do norte -Monte das Modias - onde predominan os acantilados masivos. Esta microcunca na que encaixa levemente o Rego da Lama da Ovella, en cuxa desembocadura está a praia de Mouiñelo, que presenta unha marcada orientación leste-oeste, o que posibilita a intervisibilidade coa fachada occidental da Ría de Viveiro, Illa Coelleira e Estaca de Bares.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Pódese considerar esta unidade como de elevado valor paisaxístico cun predominio dos elementos naturais fronte aos antrópicos. Presenta unha superficie vexetal que se atopa en bo estado de conservación, recuberta na súa práctica totalidade por vexetación forestal e na súa fronte costeira non presenta elemento artificial ningún. Tal é así, que a totalidade da súa fachada litoral é recoñecida como espazo protexido, LIC e ZEPA pola Directiva Hábitat, e ZEPVN pola lei galega de espazos naturais. Ademais, a disposición estrutural do relevo fai desta unidade unha peza singular, a pesar das súas reducidas dimensións, pois se trata dun espazo perfectamente delimitado tanto cara ao interior -montes A Canteira (134 m) ao norte e Picañeira (142 m) ao sur- como cara ao mar, xa que o seu perfil costeiro se enmarca entre as puntas de Meitón ao norte e de Canido ao sur, dando acubillo ás enseadas de Meitón e Muiñelo respectivamente. Á marxe destes feitos, a unidade presenta unha disposición xeográfica que permite a obtención de amplas panorámicas sobre o litoral occidental da Ría de Viveiro e mesmo Estaca de Bares.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



